

Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Dona Nelly Condori Fernández, secretaria académica da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA:

Que na sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o día 30 de abril de 2025, foron tratados e aprobados os seguintes puntos:

1. Aprobación das actas anteriores

Apróbanse por asentimento as actas das reunións da Xunta de Escola do 27 de febreiro, 20 de marzo e 24 de abril de 2025.

2. Acordos da Comisión Permanente

Ratificouse o nomeamento da nova Comisión de TFG do Grao en Intelixencia Artificial, así como o novo coordinador de prácticas do mesmo grao. Tamén se aprobaron modificacións nos horarios do GREI e GREQ para o curso 2025-26.

3. Modificacións de horarios 2025-26

Aprobáronse modificacións nos horarios das tres titulacións de grao. No caso do GRIA, a aprobación queda condicionada á resolución dunha solicitude pendente para reorganizar as sesións de IA Saúde.

As modificacións aprobadas nos horarios son:

Grao en Enxeñaría Química (GREQ):

No primeiro cuadrimestre, reorganízanse os horarios de Seguridade e Prevención, Transporte de Fluídos e TAEQ por incompatibilidades docentes. No segundo cuadrimestre, acórdase o intercambio entre Enxeñaría da Reacción Química e Transmisión de Calor e adáptase o horario de Expresión Gráfica para garantir as prácticas na Aula de Proxectos. Ademais, Control de Procesos impartirase os luns pola tarde.

Respecto ás prácticas, reubícanse as sesións de Simulación (de xoves a luns), Enxeñaría da Reacción Química (novo horario de 11:00 a 14:00) e Expresión Gráfica (con novo espazo asignado).

Grau en Enxeñaría Informática (GREI):

No segundo curso do segundo cuadrimestre, modificouse a distribución horaria dos seminarios de Xestión Financeira de Empresa para evitar solapamentos e horas mortas, en coordinación co profesorado.

Grau en Intelixencia Artificial (GRIA):

- No terceiro curso, realizáronse diversos axustes como consecuencia da revisión do Plan Docente Anual (PDA):
 - No primeiro cuadrimestre, trasladáronse prácticas á tarde para permitir a reubicación de Metaheurísticas. Modificáronse horarios teóricos de Plataforma de Internet das Cousas e Aprendizaxe Automático Supervisado, e reordenáronse grupos de prácticas (PlaloT-2, NeuFis-2, TecProDat-2).
 - No segundo cuadrimestre, reaxustáronse materias como Neurociencia Cognitiva e Afectiva, Redes Neurais e Psicoloxía Cognitiva, e incorporouse Proxecto Integrador.
- Ademais, por petición do profesorado, Aprendizaxe por Reforzo pasa dos luns aos mércores (17:30) para evitar solapamento cunha materia do MIA.

4. Calendarios de exames 2025-26

Apróbanse os calendarios do GREQ e GRIA, con correccións sinaladas:

- **GREQ:** detección dun erro na asignación de materias e proposta de intercambio de exames de Expresión Gráfica e Transmisión de Calor na convocatoria extraordinaria. Solicitouse tamén adiantar o exame de Informática ao 19 de decembro e desprazar o de Ecuacións Diferenciais do 20 ao 21 de maio. Ambos casos quedan pendentes de confirmación por parte do profesorado.
- **GRIA:** corrección da asignación de cuadrimestres para Metaheurísticas e Proxecto Integrador I e modificación da data proposta para o exame de ATIA.

No caso do GREI, a súa aprobación adíase á espera da proposta do Dobre Grao por parte da Facultade de Matemáticas.

5. Orzamento 2025

Aprobouse a proposta de orzamento por un total de 111.038 €, mantendo o reparto por capítulos do ano anterior e aplicando unha redución do 5% nas partidas de gastos correntes e equipamento.

6. Regulamento de TFM do Máster en Xestión Sostible da Auga (MUXSA)

Apróbase a versión revisada do regulamento, tras incorporar as modificacións propostas pola Asesoría Xurídica e adaptarse á linguaxe inclusiva recomendada polo Claustro Universitario.

7. Modificación do Regulamento de TFG do Grao en Intelixencia Artificial

Apróbase a proposta de modificación do regulamento para entrar en vigor no curso 2025-26.

8. Nomeamento na Comisión de TFG do GRIA

Apróbase o nomeamento do prof. Daniel Cores Costa como novo coordinador e do prof. Marcos Fernández Pichel como novo membro da comisión, tras a renuncia do prof. José María Alonso Moral.

E para que conste, asino este informe en Santiago de Compostela,

Asdo.

Dra. Nelly Condori Fernández
Secretaría Académica da ETSE

ANEXOS:

- Horarios 2025-26 por titulación: GREQ, GREI, GRIA.
- Calendarios de exames aprobados: GREQ, GRIA.
- Proposta de distribución orzamentaria 2025.
- Regulamento revisado de TFM (MUXSA).
- Modificacións ao regulamento de TFG (GRIA).

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA				ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA		
PRIMEIRO CUADRIMESTRE: 8 de setembro a 19 de decembro					CURSO 2025-	
Notas aclaratorias:					1º DOBRE GRAO	
1. Co fin de que os alumnos dispoñan dun período de descanso, as clases teóricas comezarán 5 min. despois da hora indicada no horario e rematarán 5 min. antes.					2º DOBRE GRAO	
2. Algunhas materias rematarán as súas clases teóricas antes do final do cuadrimestre, unha vez completados os seus créditos.					3º DOBRE GRAO	
					4º DOBRE GRAO	
					5º DOBRE GRAO	
					6º DOBRE GRAO	
1º CURSO						
Aula A1	LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:30	Programación I-DG1	Titorías	Titorías		Programación I-DG1	Titorías
09:30-10:00						
10:00-10:30	Matemática Discreta	Matemática Discreta	Álgebra*	Matemática Discreta	Matemática Discreta	
10:30-11:00	Álgebra	Álgebra	Matemática Discreta*	Álgebra	Álgebra	
11:00-11:30						
11:30-12:00	Sist.Dixitais-G2	Fundamentos de Matemáticas	Fundamentos de Matemáticas		RESERV. ACTIV. ETSE	Sist.Dixitais-DG1
12:00-12:30		Titorías	Titorías			
12:30-13:00						
13:00-13:30						
13:30-14:00						
2º CURSO						
Aula A2	LUNS	MARTES	MÉRCORES		XOVES	VENRES
15:00-15:30		Programación Orientada a Obxectos -DG2				
15:30-16:00	Bases Datos I (15:30-17:00)-DG2					
16:00-16:30			Algoritmos e Estructuras de Datos (16:00-17:00)-DG2		Algoritmos e Estructuras de Datos (16:00-17:00)-DG2	
16:30-17:00	Sistemas Operativos I (17:00-18:00)-DG3				Sistemas Operativos I (17:00-18:00)-DG3	
17:00-17:30			Redes (17:00-18:30)-DG3			
17:30-18:00						
18:00-18:30						
18:30-19:00						
19:00-19:30						
3º CURSO						
Aula IA-S.1	LUNS	MARTES	MÉRCORES		XOVES	VENRES
09:00-09:30	Enxeñaría do Software I-DG3	Enxeñaría do Software I-DG3	Intelixencia Artificial-DG5 (só semanas iniciais)		Administración de Sistemas e Redes-DG4 (5 semanas)	Prácticas (ver horario prácticas)
09:30-10:00	Computación Distribuída-DG4	Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais-DG4	Intelixencia Artificial-DG5		Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais-DG4	
10:00-10:30			Intelixencia Artificial-DG5		Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais (5 semanas)-DG4	
10:30-11:00	Intelixencia Artificial-DG5	Prácticas (ver horario prácticas)	Computación Distribuída-DG4			
11:00-11:30	Prácticas (ver horario prácticas)					
11:30-12:00						
12:00-12:30						
12:30-13:00					RESERV. ACTIV. ETSE	
13:00-13:30						
13:30-14:00						
4º CURSO						
Aula IA-S.1	LUNS	MARTES	MÉRCORES		XOVES	VENRES
15:00-15:30						
15:30-16:00						
16:00-16:30	Deseño e Administración de Redes	Visualización Avanzada			Enxeñaría de Servizos	Prácticas (ver horario prácticas)
16:30-17:00			Almacéns y Minería de Datos *			
17:00-17:30	Interacción Persoa-Ordenador-DG5 (só 5 horas)	Enxeñaría Computadores-DG5	Coñec.Razoam.Automático *			
17:30-18:00						
18:00-18:30	Fundamentos de Sistemas Paralelos	Sistemas intelixentes			Computación na Nube	
18:30-19:00						

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

SEGUNDO CUADRIMESTRE: 27 de xaneriro a 15 de maio

Notas aclaratorias:

- Co fin de que os alumnos dispoñan dun período de descanso, as clases teóricas comezarán 5 min. despois da hora indicada no horario e rematarán 5 min. antes.
- Algunhas materias rematarán as súas clases teóricas antes do final do cuadrimestre, unha vez completados os seus créditos.
- As indicacións de Expositivas e Seminarios son meramente orientadoras.

1º DOBRE GRAO
2º DOBRE GRAO
3º DOBRE GRAO
4º DOBRE GRAO
5º DOBRE GRAO
6º DOBRE GRAO

1º CURSO										6º DOBLE GRADO	
Aula A1	LUNS		MARTES			MÉRCORES		XOVES			VENRES
09:00-09:30	Cálculo e Análise Numérica		Fund Tecnolóxicos e Físicos da Informática-DG1			Fund Tecnolóxicos e Físicos da Informática-DG1		Fund Tecnolóxicos e Físicos da Informática-DG1		Prácticas (ver horario prácticas)	
09:30-10:00											
10:00-10:30	Programación II-DG1		Cálculo e Análise Numérica		Estadística (Sem3)*	Programación II-DG1		Fund Tecnolóxicos e Físicos da Informática-DG1			
10:30-11:00											
11:00-11:30	Programación II-G2*	Fundamentos de Computadores-DG2	Programación II-G2	Ver practicas	Estadística		Estadística				
11:30-12:00			Estadística (Sem2)								
12:00-12:30	Estadística(Sem1)					Fundamentos de Computadores-G2		RESERV. ACTIV. ETSE			
12:30-13:00											
13:00-13:30											
13:30-14:00											

* Aula A4

2º CURSO							
Aula A2	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
15:00-15:30	Bases de Datos II-DG2	Xestión Financeira de Empresas-DG5 (Sem1)	Computación Gráfica-DG5		XFE-DG5 (Sem2)**		
15:30-16:00							
16:00-16:30	Deseño de Software-DG2			Sistemas Operativos II-DG3			
16:30-17:00							
17:00-17:30		Xestión Financeira de Empresas-DG5	Deseño de Software-DG2	Arquitectura de Computadores-DG3			
17:30-18:00							
18:00-18:30		Xestión Financeira de Empresas-DG5 (Sem3)					
18:30-19:00							
19:00-19:30		Xestión Financeira de Empresas-DG5 (Sem)					
19:30-20:00							

** Aula I2 (9.00-10.00)

3º CURSO							
Aula IA-S.1	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
09:00-09:30	Desenvolvemento de Aplicacións Web-DG4 (PN)	Seguridade da Información-DG5	Compiladores e Intérpretes-DG4	Compiladores e Intérpretes-DG4			
09:30-10:00							
10:00-10:30	Seguridade da Información-DG5	Ciberseguridade-DG5	Ciberseguridade-DG5	Enxeñaría do Software-DG3			
10:30-11:00							
11:00-11:30			Xest.Prox.Informáticos-DG5 (só 4 horas)				
11:30-12:00							
12:00-12:30	Prácticas (ver horario prácticas)	Prácticas (ver horario prácticas)	Prácticas (ver horario prácticas)	RESERV. ACTIV. ETSE			
12:30-13:00							
13:00-13:30							
13:30-14:00							

4º CURSO							
Aula IA-S.1	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
09:00-09:30			Modelos e técnicas de optimización*				
09:30-10:00							
15:00-15:30	Computación Ubicua	Aprendizaxe automático (5 semanas)	Programación de Arquitecturas Emerxentes				
15:30-16:00							
16:00-16:30	Xestión de información non estruturada	Aprendizaxe automático	Xestión de información non estruturada				
16:30-17:00							
17:00-17:30	Modelos e técnicas de optimización						
17:30-18:00							
18:00-18:30							
18:30-19:00							
19:00-19:30							

* Aula IA.S2

PRÁCTICAS do SEGUNDO CUADRIMESTRE

PRIMEIRO CURSO

Luns				Martes				Mércores				Xoves				Venres				
A. PROX.				IA-04	IA-S2											I5	I6	I7	IA-02	
				FundCom p-1								Actividades ETSE				CalAnNum-2 Estat-4 FuTFI-1 (lab5-Prox)				FundCom p-5
FuTFI-5 (lab5)																				
I5	I6	I7	IA-14	IA-03	I5	I6	I7			I5	A4	IA-14			I5	I7	IA-01			
Estat-3		CalAnNum-5	FundCom p-2	FundCom p-6	CalAnNum-1	Estat-2	FuTFI-3 (lab5)			Estat-1	FuTFI-2 (lab5)	FundCom p-4			Estat-5	FuTFI-4 (lab5)	FundCom p-3			
CalAnNum-3	ProglI-5	ProglI-6			CalAnNum-4	ProglI-1				ProglI-2					ProglI-4					

As sessões de práticas de FúTFI repartem-se entre o Laboratório de Electrónica da ETSE (LAB3) e o laboratório de electrónica da Faculdade de Física

[illegible]

Luns				Martes				Mércores				Xoves				Venres							
IA-S1	IA-03	IA-04			IA-03	IA-S1					IA-03	IA-S1	IA-0.4						IA-S2	IA-03	IA-04		
																		Ciberseg-1	XestProxin fo-4				
EnxSoft-1	Ciberseg-4	ComplInt-2			SegInfo-4 o sem 3	EnxSoft-3					ComplInt-4	SegInfo-3 o sem 2			Actividades ETSE				DAW-2				
																			SegInfo-2	XestProxin fo-1	EnxSoft-4		
	IA-03	IA-04	A4			IA-S1	IA-04				IA-S.2	IA-03							IA-S.1	IA-S2			
	Ciberseg-3	EnxSoft-2	DAW-4				DAW-3				XestProxin fo-3	Ciberseg-2						XestProxin fo-2	DAW-1				
		ComplInt-3				ComplInt-1												SegInfo-1 o sem 1					

As sesiones de prácticas e seminarios de SegInfo-4 e Sem2 comezarán ás 11:45 e finalizarán ás 13:15

CUARTO CURSO

Luns					Martes					Mércores					Xoves					Venres							
IA-S2					IA-S2		IA-O3			IA-S2																	
Opt-ProgArq Emer						Opt- AprAuto-2		Opt- CompUb						Opt- ModTecO ptim-1						Actividades ETSE							
Opt- AprAuto-1						Opt- ModTecO ptim-2								Opt- XestInfoN Estr													

Aula IA-1.1				1º CURSO											
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30	Algebra (1h)			IntComp (1h)			Algebra (1h)			IntComp-1	Prog-2 (IA-12)		Algebra (1h)		
09:30-10:00															
10:00-10:30	Prog I (1h)			MatDis (1h)			MatDis (1h)					Calc-3 (IA-13)	MatDis (1h)		
10:30-11:00															
11:00-11:30	Cálculo(1h)			Cálculo(1h)			Prog I (1h)			IntComp (1h)			Cálculo (1h)		
11:30-12:00															
12:00-12:30	Prog-1 (IA-12)	Calc-2 (IA-13)	IntComp-3	MatDis-1 (IA-12)	IntComp-2	Algebra-3 (IA-13)	Algebra-1	MatDis-2 (IA-13)	Prog-3 (IA-12)	Actividades ETSE 12:30-14:30			Calc-1 (IA-13)	Algebra-2	MatDis-3 (IA-12)
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															

Aula IA-1.1				2º CURSO												
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes			
09:00-09:30																
09:30-10:00																
10:00-10:30																
10:30-11:00																
11:00-11:30																
11:30-12:00																
12:00-12:30																
12:30-13:00																
13:00-13:30																
13:30-14:00																
14:00-14:30																
14:30-15:00																
15:00-15:30	Optim.Matem. (1,5h)			Enx.Software (1h)			Enx.Software (1h)			Redes(1h)						
15:30-16:00																
16:00-16:30	Algorit.(1h)			Algorit.(1h)			Optim.Matem. (1,5h)			BD (1h)			Redes-1 (IA-13)			
16:30-17:00																
17:00-17:30																
17:30-18:00																
18:00-18:30	Redes-3 (IA-13)	ENSO-1	BD-2 (IA-14)	Algorit-1 (IA-13)	ENSO-2	OptMat-3 (IA-14)	OptMat-1 (IA-13)	ENSO-3	Algorit-2 (IA-14)	BD-1 (IA-13)	Redes-2	Algorit-3 (IA-14)				
18:30-19:00																
19:00-19:30																
19:30-20:00																
20:00-20:30																
*** IA-01																

*** IA-01

Aula IA-0.1			3º CURSO												
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30	NeuFis (1,5h)			EnxDatEsc (1,5h)			Meta (1,5h)			AprAutSup (1,5h)					
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00	AprAutSup (1,5h)			PlaloT(1,5h)			TecProDat (1,5h)			Meta (1,5h)					
11:00-11:30															
11:30-12:00															
12:00-12:30	AprAutSup-1 (IA-02)	EnxDatEsc-2		EnxDatEsc-1	AprAutSup-2 (IA-02)		TecProDat-1	PlaloT-2 (IA-02)		Actividades ETSE					
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															
14:30-15:00															
				A4						A4					
15:00-15:30	Meta-2 (IA-13)			PlaloT-1 (IA-14)											
15:30-16:00															
16:00-16:30															
16:30-17:00															
17:00-17:30															
17:30-18:00				PreyInt (1h)						PreyInt (1h)					
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

Aula IA-0.1		4º CURSO													
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30							TecLin-1 (IA-14)	ATIA-2 (IA-13) 5 horas	DXIA-2 (IA-13) 10 horas						
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00															
11:00-11:30															
11:30-12:00															
12:00-12:30															
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00							TecLin-2 (IA-14)								
14:00-14:30															
14:30-15:00															
15:00-15:30															
15:30-16:00	VisComp-1 (IA-03)		ProyInt II-2	TecLin (1h)			VisComp (2 h)			AprRef (1,5h)					
16:00-16:30															
16:30-17:00			ProyInt II (1,5h) 10 horas	ATIA (1,5h)	DXIA (1,5h)										
17:00-17:30															
17:30-18:00			ProyInt II-1	ATIA-1 5 horas	DXIA-1 10 horas	AprRef-2 (IA-S2) 20 horas	AprRef-1 (IA-S2) 20 horas			VisComp-2 (IA-03)		ProyInt II-1			
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

Aula IA-1.1				1º CURSO																				
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes											
09:00-09:30	AdqSin (1h)			AdqSin (1h)			XestOrg (2h)			XestOrg (1h)			AdqSin-2 (lab5-lab3)											
09:30-10:00																								
10:00-10:30	Estat. (1h)			Estat. (1h)						Lóx-3					Estat-2 (IA-13)			XestOrg-1 (IA-12)			XestOrg-3 (IA-12)		Estat-1	
10:30-11:00																								
11:00-11:30	Lóx (1h)			Lóx (1h)			Prog II (1h)						Actividades ETSE 12:30-14:30			Estat. (1h)								
11:30-12:00																								
12:00-12:30	Lóx-1 (IA-12)	Estat-3 (IA-13)	ProgII-2	Lóx-2 (IA-12)	AdqSin-3 (lab5-lab3)	ProgII-1 (IA-13)	XestOrg-2 (IA-12)	AdqSin-1 (lab5-lab3)	ProgII-3 (IA-13)	Prog II (1h)														
12:30-13:00																								
13:00-13:30																								
13:30-14:00																								
14:00-14:30																								
14:30-15:00																								

Aula IA-1.1				2º CURSO											
Lunes				Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30													Automat.Ling.Form. (1h) (IA-S1) Fund.Apren.Auto.(1h) (IA-S1) Repres.Coñec.Razoam.(1h) (IA-S1)		
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00															
11:00-11:30															
11:30-12:00															
12:00-12:30															
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															
14:30-15:00															
15:00-15:30															
15:30-16:00	Comp.Conc.Paral.Dist. (1h)			Fund.Apren.Auto.(1h)			Comp.Conc.Paral.Dist. (1h)			Repres.Coñec.Razoam.(1h)			CCPD-3	FundAprAuto-1 (IA-13)	Algo.Bas.IA-2 (IA-14)
16:00-16:30															
16:30-17:00	Algo.Bas.IA (1h)			Automat.Ling.Form. (1h)			Automat.Ling.Form. (1h)			Algo.Bas.IA (1h)					
17:00-17:30															
17:30-18:00	CCPD-2	AutoLF-1 (IA-13)	Algo.Bas.IA-3 (IA-S2)	RepCoñRaz-1	AutoLF-2 (IA-13)	FundAprAuto-3 (IA-S2)	CCPD-1	FundAprAuto-2 (IA-13)	RepCoñRaz-3 (IA-S1)	Algo.Bas.IA-1	RepCoñRaz-2 (IA-12)	AutoLF-3 (IA-13)			
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

Aula IA-0.1				3º CURSO																
				Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes				
09:00-09:30				RedNeuAprPro (1h)			RazInc (1h)			RazInc (1h)			RazInc (1h)			RedNeuAP-1 RazInc-2 (IA-02)				
09:30-10:00																				
10:00-10:30				AprAutNS (1h)			AprAutNS (1h)			RedNeuAP (1h)			Psi-2 AprAutNS-1 (IA-02)							
10:30-11:00																				
11:00-11:30				Psi (1h)			Psi (1h)			NeuCogAfe (1h)					Actividades ETSE					
11:30-12:00																				
12:00-12:30				RazInc 1 NeuCogAfe-2 (IA-02)			Psi-1 (IA-02) RedNeuAP-2			AprAutNS-2 NeuCogAfe-1 (IA-02)										
12:30-13:00																				
13:00-13:30																				
13:30-14:00																				
14:00-14:30																				
14:30-15:00																				
15:00-15:30				A4						A4										
15:30-16:00				RazInc-2 (IA-S2) RedNeuAP-1 (IA-13)			A4													
16:00-16:30															RedNeuAP-2 (IA-S2)					
16:30-17:00																				
17:00-17:30																				
17:30-18:00																				
18:00-18:30							ProyInt (1h)													
18:30-19:00							ProyInt-1			ProyInt-2										
19:00-19:30																				
19:30-20:00																				
20:00-20:30																				

Aula IA-0.1		4º CURSO													
		Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes	
09:00-09:30															
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00															
11:00-11:30															
11:30-12:00															
12:00-12:30															
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															
14:30-15:00															
15:00-15:30															
15:30-16:00	WebSem-GraCon Aval-ProxEmp Aval-ProxEmp-1			Aval-ProxEmp-2 Aval-ProxEmp Vis-CompII-1			Vis-CompII Intro-MLCuan IASaude IASaude-1			WebSem-GraCon-1 (IA-03) Intro-MLCuan-1 (IA-03)					
16:00-16:30															
16:30-17:00															
17:00-17:30															
17:30-18:00															
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

PROPOSTA DE
MODIFICACIÓN DO
REGULAMENTO DE
TRABALLO FIN DE GRAO
EN INTELIXENCIA
ARTIFICIAL
UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO de
COMPOSTELA

(aprobado pola comisión do GrIA o 25 de abril de 2025)
(aprobado pola Xunta de Escola da ETSE o XX de abril de 2025)
(aprobado polo Consello de Goberno o XX de XX de 2025)

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 1. Necesidade do Traballo Fin de Grao

No Plan de Estudos do Grao en Intelixencia Artificial (GrIA) polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo establécese que as ensinanzas do Grao conclúen coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grao (TFG).

Artigo 2. Obxectivo do TFG

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, o TFG ten como obxectivo a realización por parte do estudantado dun traballo orixinal onde se poida verificar a adquisición por parte do estudantado das destrezas e competencias descritas nos obxectivos xerais do título de Grao, xunto a destrezas específicas de orientación académica, investigadora ou profesional.

Artigo 3. Número de Créditos

O TFG ten asignados o número de créditos obrigatorios que indique o correspondente Plan de Estudos.

Artigo 4. Coordinador/a e Comisión de Traballos Fin de Grao de Intelixencia Artificial

A Comisión de Traballos Fin de Grao de Intelixencia Artificial é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento (e interpreta-la, se fose o caso), propoñer os tribunais e autorizar a defensa dos TFG.

Os membros da Comisión serán nomeados nunha sesión ordinaria da Xunta do Centro, a proposta da Comisión da Titulación de Intelixencia Artificial. A persoa coordinadora do TFG deberá formar parte da Comisión.

Estará composta por cinco membros do profesorado da Titulación, con docencia asignada en formación básica, obrigatoria ou optativa vinculada ao itinerario e será presidida por un dos seus membros, elixido pola propia Comisión na sesión constituínte. A sesión constituínte será presidida pola persoa coordinadora do título. A secretaría da sesión constituínte será desempeñada pola persoa que elixan os membros da comisión na dita sesión.

A Comisión deberá arbitrar as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que todo o alumnado en condicións de realizar o TFG poida realizalo. En particular velará pola dispoñibilidade de temas para realizar TFGs. A Comisión de Traballos Fin de Grao proporcionará modelos oficiais para todos os aspectos e procedementos relacionados co TFG. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

Artigo 5. Número Anual de Propostas

A Comisión de Traballos Fin de Grao de Intelixencia Artificial fará unha estimación sobre o número de Propostas de Traballos necesarias para cada curso académico e informará a cada Departamento sobre o número de Propostas de Traballos que corresponde presentar ás súas Áreas de Coñecemento, en función do número de créditos asignados no POD.

Artigo 6. Contidos do TFG

Os contidos dos TFG deberán axustarse a algunha das seguintes categorías:

Categoría a: análise, deseño, implementación, validación e proba dun modelo que constitúa unha contribución a calquera paradigma da IA.

Categoría b: análise, deseño, implementación, validación e proba dun módulo ou dunha aplicación, servizo ou sistema intelixente completo.

En función da categoría do TFG, as actividades a desenvolver poderán consistir na realización dunha serie de etapas, entre as que se inclúen: estudo bibliográfico, definición de obxectivos, planificación, análise de alternativas científico-tecnolóxicas, deseño e implementación de solucións, validación e probas, documentación, comunicación de resultados.

Artigo 7. Tipoloxías de proposta de TFG

Os TFG deberán axustarse a algunha das seguintes tipoloxías de proposta:

- a) TFG propostos por Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que imparten docencia na propia Titulación.
- b) TFG propostos por persoal con capacidade para exercer a cotitoría, segundo se describe no artigo 5 do regulamento xeral da Universidade sobre matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao.

Artigo 8. Autoría do TFG

O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual ou en grupo, dun traballo supervisado por unha persoa titora e varias persoas cotitoras académicas, no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos,

capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao. Para o desenvolvemento en grupo do Traballo será preciso que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. Este aspecto deberá quedar claro na memoria do TFG, que será idéntica para todas as persoas integrantes do grupo.

Artigo 9. Titoría do TFG

Todo TFG require unha persoa titora que asista ao alumnado. Será PDI con capacidade para propoñer TFG, segundo o artigo 7 deste regulamento. Tamén caberá a posibilidade que ata dous membros do profesorado desenvolvan o rol de persoa cotitora cando as características do Traballo ou da persoa titora así o aconsellen, segundo o artigo 5 do regulamento xeral da Universidade sobre matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao.

Capítulo 2. Propostas e asignacións de TFGs

Artigo 10. Requisitos do Alumnado

Para poder formalizar a matrícula do TFG estarase ao que indique a normativa da USC ao respecto. De acordo co establecido na memoria modificada do título e no “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa de TFG e TFM da USC, permitirase a presentación e defensa do TFG a falta dun máximo de 12 ECTS non obrigatorios e ou das “Prácticas externas I”. Igualmente, acórdase permitir a defensa ante a persoa titora. Nesta modalidade, a máxima cualificación que se poderá outorgar é 8,0.

Artigo 11. Peticións de Asignación

Todo estudante matriculado na materia TFG ten dereito a unha asignación de TFG. Esta asignación realizarase a través dun dos procedementos previstos nos artigos 12 e 13 deste regulamento. O resultado da asignación formalizarase a través dun documento de acordo que a/o estudante debe enviar á Secretaría da ETSE empregando os mecanismos que esta estableza.

Artigo 12. Asignación Directa

A asignación de TFG pode realizarse como resultado dun acordo directo entre alumnado que cumpra os requisitos indicados no artigo 11 e o PDI con capacidade para propoñer TFG ou para exercer o labor de cotitoría, segundo o artigo 7. O alumnado deberá contactar ca persoa titora da proposta que acorde, co fin de elaborar conxuntamente o documento de acordo. Este acordo deberá ser presentado no curso académico no que se asigna a proposta.

Artigo 13. Asignación a través de petición de propostas de TFG publicadas (oferta pública)

Os departamentos con docencia na titulación comunicarán cada curso académico ao centro o listado de persoas titoras e temas dos traballos.

Na proposta deberán indicarse como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Título do Traballo.
- b) Titoría do Traballo.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Requisitos necesarios (materias cursadas, materias aprobadas, etc.).
- e) Criterios de asignación do Traballo.

A Comisión de Traballos Fin de Grao analizará as propostas e publicará unha lista coas propostas aprobadas, que poderán ser solicitadas polo alumnado.

A asignación de Traballos realizarase tendo en conta as preferencias expresadas por cada estudante na súa petición, seguindo os criterios establecidos nas propostas de Traballos.

Unha vez publicada a listaxe de asignación, o alumnado deberá contactar ca persoa titora da proposta que lle foi asignada, co fin de elaborar conxuntamente o documento de acordo. Este acordo deberá ser presentado no curso académico no que se asigna a proposta.

Artigo 14. Prazo de Presentación

O documento de acordo deberá ser entregado á Secretaría da ETSE empregando os mecanismos que esta estableza. O documento será entregado en formato pdf, con firma dixital ou firma escaneada, con data límite do último día laborable de febreiro para a súa defensa en xullo ou setembro, ou do último día laborable de outubro para a súa defensa en febreiro.

Artigo 15. Documento de acordo

O documento de acordo do TFG incluírá:

- a) Datos de identidade do/a estudante (incluíndo sinatura de aceptación).
- b) Datos de identidade da persoa titora do TFG (incluíndo a sinatura de aceptación).
- c) Datos de identidade da/s persoas cotitoras do TFG, se procede (incluíndo a sinatura de aceptación).
- d) Título do TFG.
- e) Obxectivo principal e obxectivos secundarios do TFG.

Artigo 16. Listaxe de acordos

A lista de acordos recibidos publicarase por parte da Secretaría tras as datas límite de entrega dos acordos.

Artigo 17. Anulación

O estudantado e a persoa titora poderán solicitar, de común acordo, a anulación da asignación do TFG mediante un escrito remitido á Secretaría da ETSE polas vías que dita Secretaría estableza.

Artigo 18. Caducidade

A asignación e o acordo de TFG teñen vixencia no curso académico no que se entrega o acordo. Poderá estenderse a vixencia por un único curso académico **máis** por acordo entre o estudantado, as persoas titora e cotitoras, se así se lle comunica á comisión de TFG.

Artigo 19. Modificacións

Para solicitar cambio de persoa titora, e/ou cotitora, ou título mantendo o mesmo acordo, só será necesario presentar un informe razoado do cambio a realizar así como o visto e praxe das persoas titora e cotitoras implicadas.

Capítulo 3. Presentación do TFG

Artigo 20. Prazo de Presentación

A Xunta de Centro aprobará e publicará os períodos de presentación dos TFG xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Para poder realizar a presentación do TFG será preciso que o estudantado estea matriculado no TFG e estarase ao que indique a memoria do título en relación ao número de créditos pendentes.

Artigo 21. Documentación que se debe presentar

A memoria presentada amosará o Traballo desenvolvido polo alumnado. Como norma xeral, a memoria terá unha extensión, como máximo, de 50 páxinas (sen contar o índice, a bibliografía e os manuais), e incorporará a documentación que se indica a continuación, en función da categoría de TFG (artigo 6 deste regulamento). En función do tema do TFG o/a alumno/a poderá adaptar a estrutura da memoria á casuística concreta do seu traballo.

Categoría a (Análise, deseño, implementación, validación e proba dun modelo que constitúa unha contribución a calquera paradigma da IA)

- a) **Resumo:** Breve resumo das principais contribucións do traballo.
- b) **Introdución:** Descrición do problema a resolver, hipótese(s) a testar, obxectivo xeral e específico/s do traballo, contrastables e descritos correctamente. Deberán introducirse tamén os aspectos éticos, legais, socioeconómicos e culturais de relevancia para o traballo.
- c) **Estado de coñecemento do problema a abordar:** Descrición breve dos métodos, modelos, técnicas ou ferramentas actuais similares ao traballo presentado. Similitudes e diferencias co traballo presentado.
- d) **Materiais:** Descrición dos materiais, equipos, ferramentas (librerías, aplicacións), datos, ou modelos utilizados no proxecto.
- e) **Metodoloxía:** Descrición conceptual dos procedementos deseñados e implementados, do seu funcionamento e de como axudan a resolver o problema de partida. Xustificacións das decisións de deseño realizadas (explicacións das alternativas consideradas, xustificacións baseadas na bibliografía ou no problema).
- f) **Validación e probas:** Descrición das probas realizadas de cara a avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- g) **Discusión dos resultados:** Verificación da(s) hipótese(s) de partida do traballo, comparativa con algunha das solucións similares presentadas no estado de coñecemento, resaltando por que o traballo presentado mellora as solucións anteriores, discusión dos aspectos éticos, legais, socioeconómicos e culturais de relevancia para o traballo.
- h) **Conclusións e Posibles Ampliacións:** Resumo das principais aportacións do traballo, explicacións das suposicións e limitacións do traballo, e posibles vías de mellora.
- i) **Bibliografía:** Lista completa de referencias. Todas as referencias deben

estar citadas no texto.

- j) **Manuais Técnicos:** Incluirán toda a información precisa para aquelas persoas que desexen repetir o experimento asegurando a súa reproducibilidade (por exemplo, código fonte, descrición dos recursos necesarios, ...).

Categoría b (Análise, deseño, implementación, validación e proba dun módulo ou dunha aplicación, servizo ou sistema intelixente completo):

- a) **Resumo:** Breve resumo das principais contribucións do traballo.
- b) **Introdución:** Obxectivos xerais e específicos, relación da documentación que conforma a memoria, descrición do módulo/sistema, información adicional de interese (métodos, técnicas ou arquitecturas utilizadas, xustificación da súa elección, etc.). Deberán introducirse tamén os aspectos éticos, legais, socioeconómicos e culturais de relevancia para o módulo/sistema.
- c) **Especificación de Requisitos:** debe indicarse a especificación dos requisitos máis relevantes do Sistema, xunto coa información que este debe almacenar e as interfaces con outros Sistemas, sexan hardware ou software, e outros requisitos (rendemento, seguridade, etc.). **Así mesmo, deberá indicarse se existen requisitos específicos a nivel ético, legal, socioeconómico e cultural.**
- d) **Deseño:** como se realiza o Sistema, a división deste en diferentes compoñentes e a comunicación entre eles. Así mesmo, determinarase o equipamento hardware e software necesario, xustificando a súa elección no caso de que non fose un requisito previo. Debe achegarse a un nivel suficiente de detalle que permita comprender a totalidade da estrutura do produto desenvolvido, utilizando no posible representacións gráficas.
- e) **Probas e verificación:** **Descrición do plan de probas, en relación cos requisitos definidos para o sistema (incluíndo os requisitos e obxectivos a nivel ético, legal, socioeconómico e cultural). Presentación dos resultados das probas e verificación de requisitos.**
- f) **Conclusións e Posibles Ampliacións:** **Descrición do** grao de cumprimento dos obxectivos. Posibles vías de mellora.
- g) **Bibliografía:** Lista completa de referencias. Todas as referencias deben estar citadas no texto.
- h) **Manuais Técnicos:** Incluirán toda a información precisa para aquelas persoas que se vaian encargar do desenvolvemento e/ou modificación do Sistema (por exemplo código fonte, recursos necesarios, operacións necesarias para modificacións e probas, posibles problemas, etc.). O código fonte poderase entregar en soporte informático **ou en formato** PDF.
- i) **Manuais de Usuario:** incluírán toda a información precisa para aquelas persoas que utilicen o Sistema: instalación, utilización, configuración, mensaxes de erro, etc. A documentación do usuario debe ser autocontida, é dicir, para o seu entendemento o usuario final non debe precisar da lectura doutro manual técnico.

No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os

recollidos en dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial. Nestes casos e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, a persoa titora e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos protexidos. Estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública. O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (*Minerva*), o que deberá ser sinalado na Secretaría Virtual, ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

Artigo 22. Software desenvolvido no TFG

No caso de que o TFG implique o desenvolvemento dunha aplicación, este deberá estar dispoñible nun repositorio que albergue o código fonte e todos os demais arquivos necesarios para o correcto funcionamento da aplicación.

Se o Tribunal o solicita, o estudante deberá realizar unha instalación plenamente operativa co obxectivo de poder verificar o seu funcionamento completo, antes ou durante a defensa do traballo.

Artigo 23. Solicitud de defensa

Os alumnos matriculados en cada convocatoria terán que facer a solicitude de defensa a través da súa Secretaría Virtual dentro dos prazos sinalados pola Escola.

Capítulo 4. Modalidades de Avaliación dos TFG

Artigo 24. Modalidades de avaliación

1. A avaliación dos TFG admite dúas modalidades: avaliación polo persoa titora e avaliación por un tribunal. Na solicitude de defensa do TFG a/o estudante poderá elixir entre a defensa pública diante da persoa titora e a defensa pública diante un tribunal. Por defecto, a avaliación será realizada por un tribunal.

2. Modalidade titoría. Nesta modalidade:

- A defensa pública será realizada na correspondente convocatoria publicada polo Centro indicando data, hora e lugar.
- A cualificación máxima que poderá obterse nesta modalidade é de 8,0 puntos sobre 10.

3. Modalidade tribunal: a avaliación por parte dun tribunal debe cumprir os seguintes requisitos:

- Os Tribunais encargados de avaliar os TFG estarán formado por tres membros titulares (presidente ou presidenta, secretaria ou secretario e vogal) e un membro suplente que serán PDI con docencia na Titulación. As persoas titoras ou cotitoras dun TFG non poderán ser membros do Tribunal que o xulgue. Os tres membros dun tribunal non poderán pertencer á mesma Área de Coñecemento e o tribunal contará polo menos cun experto na temática que se desenvolve en cada un dos TFG a avaliar.
- Os Tribunais encargados de avaliar os TFG serán designados pola persoa que exerza a función de coordinación do Centro, a proposta da Comisión de Traballos Fin de Grao de Intelixencia Artificial. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

Capítulo 5. Defensa do TFG

Artigo 25. Convocatoria de Exposición

A Xunta do Centro aprobará e publicará a data da exposición xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico. Excepcionalmente, e en situacións debidamente xustificadas, estas datas poderán ser modificadas polo Centro a proposta da Presidencia do Tribunal, no caso da modalidade de avaliación diante dun tribunal.

Artigo 26. Exposición

A modalidade de presentación e defensa do TFG é a de exposición oral, ben diante da persoa titora ou ben diante dun tribunal. A exposición do TFG realizado terá unha duración recomendada de 20 minutos por estudante, e terá carácter de acto público. O Tribunal ou a persoa titora poderán formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes.

Poderase presentar o TFG por videoconferencia nos casos de desprazamento fóra da comunidade autónoma por motivos académicos, representación política, sindical o deportiva ou prestación de servizos por conta allea ou propia debidamente acreditados logo de presentar solicitude e autorización motivada. Será requisito imprescindible a transmisión de audio e vídeo e o/a estudante será responsable de poñer os medios adecuados no seu lado de comunicación e de garantir que a videoconferencia teña unha calidade suficiente para os efectos de avaliar o seu traballo, tendo en conta a súa compatibilidade cos medios dispoñibles no Centro.

Artigo 27. Medios Necesarios

O centro reservará os medios necesarios para a defensa de cada TFG (aula, medios de proxección, conexión a rede) nas datas oficiais indicadas para a súa exposición.

Artigo 28. Rolda de Preguntas

Para o caso de avaliación diante dun Tribunal, a rolda de preguntas será moderada pola persoa que ostente a Presidencia do Tribunal. A orde da primeira intervención será a seguinte: secretario ou secretaria, vogal e presidenta ou presidente.

A dinámica do resto do debate quedará baixo criterio da Presidencia do Tribunal.

Capítulo 6. Avaliación do TFG

Artigo 29. Informe da persoa titora do TFG

Segundo a normativa da universidade, a persoa titora do TFG realizará un informe preceptivo, segundo o modelo oficial, no que se avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos:

- a) Calidade do Traballo: cumprimento dos obxectivos propostos, fiabilidade e eficiencia, adecuación e desenvolvemento da metodoloxía seguida e calidade das solucións presentadas, etc.
- b) Documentación: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc.), estruturación e completitude, corrección da documentación, conclusións e posibles ampliacións propostas.

Artigo 30. Criterios de Avaliación

1. Dependendo da modalidade de avaliación elixida polo/a estudante, a persoa titora ou ben o Tribunal cubrirá unha única rúbrica, segundo o modelo oficial da tipoloxía do TFG (artigo 21), no que avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos coa ponderación que se indica:

- a) Calidade do Traballo (CT): 65%.
- b) Documentación (D): 20%.
- c) Presentación (P): 15%.

No caso de avaliación diante de Tribunal, todos os seus membros accederán ao informe preceptivo da persoa titora e deberán ter en conta as apreciacións e valoracións nel indicadas na deliberación na que se decida o resultado da avaliación. En todo caso, o dito informe non terá carácter vinculante para o Tribunal.

No caso de avaliación pola persoa titora a cualificación final non poderá superar 8,0 puntos sobre 10.

2. O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

Artigo 31. Proceso de Avaliación

A avaliación de TFG realizarase de acordo cos seguintes pasos:

- a) A persoa titora do TFG emitirá, nos tres días seguintes ao depósito da documentación (artigo 23), o seu informe do Traballo (artigo 29).
- b) Unha vez realizada a defensa, procederase a cualificar o TFG, seguindo a rúbrica correspondente (artigo 30).
- c) A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios nun prazo máximo de dous días dende a súa lectura.
- d) Cada estudante ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal. Na modalidade de avaliación diante da persoa titora, a revisión das cualificacións será realizada pola persoa titora e, no caso de ter optado a/o estudante pola defensa pública diante dun tribunal, poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 32. Actas de Cualificación

Una vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos TFG do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse “matrícula de honra” a aqueles TFG que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do límite establecido pola Universidade.

No caso de que existan varios tribunais, será a Comisión Académica, unha vez celebrada a última convocatoria, a que decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Artigo 33. TFG desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes

A cualificación dos TFG desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes será a que figure na certificación ou “transcript of records” emitida pola universidade de destino.

Cando, por non ter superado o estudante o resto de créditos da titulación, non sexa posible o recoñecemento da cualificación do TFG ao abeiro do convenio oficial:

Se o alumnado supera os créditos pendentes na convocatoria inmediatamente seguinte á conclusión do convenio, validaráselle a cualificación do TFG que figure na certificación académica ou “transcript of records” emitida pola Universidade de destino. Esta cualificación figurará na acta de exames máis próxima (sempre que o alumnado finalice os seus estudos como máximo no curso seguinte ao que lle fora concedido o intercambio).

Capítulo 7. Depósito e Propiedade Intelectual

Artigo 34. Dereitos do TFG

O regulamento xeral da Universidade sobre matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao establece no seu Art. 11.1 que “a propiedade intelectual do TFG correspóndelle ao alumno ou á alumna que o realizou.” Tamén se indica no seu Art. 11.2 que “No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.” Naquelas propostas de TFG que se realicen no marco indicado farase constar expresamente esta circunstancia, de cara ao posible pacto sobre os dereitos de explotación industrial.

Artigo 35. Uso dos TFG

Unha copia dos traballos superados quedará no centro para seu arquivo e consulta, xunto cunha copia en formato electrónico e poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre con mención específica á súa autoría.

Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

A Comisión de Traballos de Fin de Grao poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, con visto e praxe da persoa titora, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Capítulo 8. Deberes do alumnado

Artigo 36. Deberes

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.


O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber das persoas que exercen a tutoría e do Tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría para os efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a Comisión de Traballos Fin de Grao considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicar o indicado no parágrafo anterior.

Capítulo 9. Disposicións derradeiras

Artigo 37. Entrada en vigor da presente normativa


A presente normativa entrará en vigor no curso 2025-26.



Datos		LUNES		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES			
DECIMRO	Curso	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula		
15-19 DEC	1º												
	2º												
	3º												
	4º												
8-9 XAN	1º							Lab E.Amb.	9:15-14		L.Proc.Quím.	16-20h	
	2º							F.Proc.Quím.	9:15-14	A1A2	Tr.Fluidos	9:15-14	
	3º							EnoBioquímica	16-20h	A1			
	4º												
12-16	1º	Matemáticas	9:15-14			Física	9:15-14						
	2º			Quím.Anal.	9:15-14	A3-A4							
	3º	Eno.Reac.Química	16-20h	A3-A4			C.Materiais	16-20h	A2-A4				
	4º			Proc.Quím.Ind.	16-20h	A1				Electrotecnia	9:15-14	A1A2	
19-23	1º			Quím.Fund.	9:15-14	A1				Prox.Dex.Inst.	16-20h	A3-A4	
	2º									Impul.Téc.	9:15-14	A1	
	3º	Termodin.	Appl.EH	9:15-14	A3-A4								
	4º	Automat.Ind.	16-20h	A1A2			Tr.Materia	16-20h	A1A2				
							Simul.Optimización	16-20h	A3-A4		Sist.Prod.Industrial	16-20h	A1A2
											Segur.Prev.	16-20h	A1

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (8 a 23 de xaneiro) Plan G4022

Último día publicación resultados: 30/01/2026
Peche actas 05/02/2026



Datos		LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES		
MAIO	Curso	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	
18-22	1ª	Anal. Proc. Quím.	9:15-14	A1	Expr. Gráfica	16-20h	A3-A4	Matemáticas	9:15-14	A1	Física	9:15-14
	2ª	Control/Procesos	16-20h	A3-A4				Resolución Calidade	16-20h	A2	React. Químicos	16-20h
	3ª											
25-29	1ª	Quím. Inorgánica	9:15-14	A3-A4				Estadística	9:15-14	A3-A4	Informática	9:15-14
	2ª				Trans. Calor	9:15-14	A1,A2					
	3ª	Ens. Procesos	16-20h	A3-A4				Ens. Ambiental	16-20h	A1	Trat. Augas	16-20h
1-3 xuñ	1ª											
	2ª	Econ. Empresa	9:15-14	A1,A2				Lab. TTTC	9:15-14	A1		
	3ª	Trat. Resíduos	16-20h					Op. Separación	16-20h	A1		

SEGUNDO CUADRIMESTRE (19 de maio ao 5 de xuño) Plan G4022

Último día publicación resultados: 10/06/2025
Peche actas: 17/06/2025

CURSO 2025-26
CALENDARIO DE EXÁMENES
GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA

Datas		LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
XUÑO-XULLO	Curso	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula	Hora	Aula
15/15	1ª			Fund.Proc.Quim.				Matemáticas			
	2ª	Termodin. Apl. Et.	9:15-14	Química Anal.	16:20h	Lab. TFC	9:15-14				
	3ª	Envioiquímica	9:15-14					C.Materiais	16:20h	Electrotecnia	9:15-14
22-28	1ª			Lab. Env. Amb.	9:15-14	Lab.Proc.Quim.	16:20h				
	2ª			Informática	9:15-14			Física	9:15-14		
	3ª	Ec. Diferenciais	9:15-14	Tr.Materia	9:15-14	Tr.Ruidos	9:15-14	Sist.Prod.Industrial	16:20h	Ingén.Técnico	9:15-14
29-3 xul	1ª	Simul.Optimizac.	16:20h	Automat.Indust.	16:20h	Qualidade	16:20h				
	2ª	Quim.Fund.	9:15-14					Analisis Proc. Quim.	9:15-14		
	3ª	Trat.Residuos	16:20h	Trans. Color	9:15-14	Quim.Organica	9:15-14			Econ. Empresa	9:15-14
6-7	1ª	Prox.Des.Inst.	9:15-14	Trat.Aguas	16:20h	Control.Proc.	16:20h	Env. Processos	16:20h	Reactores	16:20h
	2ª	Quim.Inorgánica	9:15-14	Estadística	9:15-14			Proc.Quim.Ind.	9:15-14		
	3ª	Env.Ambiental	16:20h	Env.Reac.Quimic	16:20h						
		Seguridade e Prev	9:15-14	Prev.Contaminac	9:15-14						

Peché actas 22/07/2026

Datas

[illegible]

Peche actas 22/07/2026

EXTRAORDINARIA FIN DE CARREIRA (8 ao 23 de xaneiro)

Datas

[illegible]

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (17 decembro a 23 de xaneiro)

Datos																	
DECEMBRO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula	
15-19	1º													Álgebra	9:15-14		
	2º										Optim Matem	9:15-14					
	3º							Asp.Tecnoc.IA	16-20					Neurofisioloxía	16-20		
	4º										DXIA	16-20					
8-9 xan	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula	
	1º													Cálc. Análise Num.	9:15-14		
	2º										Bases de datos	9:15-14					
	3º										Enx. Dat.Gran Esc.	16-20					
12-16	4º										Aprend reforzo	16-20					
	1º				Matem. Discreta	9:15-14								Programación I	9:15-14		
	2º	Algoritmos	9:15-14								Enx Sotware	9:15-14					
	3º				Tecn Proc MasD	16-20								Plataf. IoT	16-20		
19-23	4º	Visión computador	16-20								Prox Integ IA II	16-20					
	1º				Intro. Comp.	9:15-14											
	2º							Redes	9:15-14								
	3º				Aprend Aut Superv	16-20					Prox Integ de IA I	9:15-14					
	4º	Tecnol linguaxe	16-20														

último día publicación resultados: 30/01/2026
Peche actas 05/02/2026

SEGUNDO CUADRIMESTRE (18 de maio ao 5 de xuño)

Datos																	
MAIO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula	
18-22	1º	Estat.	9:15-14					Lóxica	9:15-14					XestOrg	9:15-14		
	2º				Comp ConcPar	9:15-14					Autom e Ling Form	9:15-14					
	3º	Psicol Cognit	16-20					Neurc Cogn Afect	16-20					Metaheurísticas	16-20		
	4º				Aval. Prox. Emp.	16-20					IA en saúde	16-20					
25-29	1º				Prog II	9:15-14								AdqSinais	9:15-14		
	2º	Fund Aprend Aut	9:15-14					AlgorBas IA	9:15-14								
	3º				Raz con Incert.	16-20								Redes Neur e AP	16-20		
	4º	Visión computador II	16-20								Web semántica	16-20					
1-3 xuñ	1º																
	2º	RepCoñ e Razoam	9:15-14														
	3º				Aprend Aut non Sup	9:15-14											
	4º	Intr. Machine Learning	16-20														

último día publicación resultados: 10/06/2026
Peche actas: 17/06/2026

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO (15 de xuño ao 8 de xullo)

Datos																	
XUÑO-XULLO	Curso	LUNS	Hora	Aula	MARTES	Hora	Aula	MÉRCORES	Hora	Aula	XOVES	Hora	Aula	VENRES	Hora	Aula	
15-19	1º				Intro. Comp.	9:15-14					Programación I	9:15-14					
	2º	Redes	9:15-14					Bases de datos	9:15-14					Enx Sotware	9:15-14		
	3º				Neurofisioloxía	16-20					Enx. Dat.Gran Esc.	16-20		Tecn Proc MasD	16-20		
	4º	Asp.Tecnoc.IA	16-20					Aprend reforzo	16-20					Tecnol linguaxe	9:15-14		
22-26	1º	Matem. Discreta	9:15-14					AdqSinais	16-20					Cálc. Análise Num.	16-20		
	2º				Algoritmos	9:15-14		Comp ConcPar	9:15-14					Optim Matem	9:15-14		
	3º	Plataf. IoT	16-20								Aprend Aut Superv	16-20		Prox Integ de IA I	9:15-14		
	4º				Visión computador	16-20		Prox Integ IA II	16-20					Aval. Prox. Emp.	16-20		
29-3 xul	1º				Álgebra	9:15-14					XestOrg	9:15-14					
	2º	RepCoñ e Razoam	9:15-14					AlgorBas IA	9:15-14					Fund Aprend Aut	9:15-14		
	3º				Psicol Cognit	16-20		Neurc Cogn Afect	16-20					Raz con Incert.	16-20		
	4º	IA en saúde	16-20					Visión computador II	9:15-14					Intr. Machine Learning	9:15-14		
6-8	1º	Prog II	9:15-14		Estat.	16-20		Lóxica	16-20								
	2º				Autom e Ling Form	9:15-14											
	3º	Aprend Aut non Sup	16-20					Redes Neur e AP	9:15-14								
	4º				Web semántica	16-20											

última publicación resultados 15/07/2026
peche actas 22/07/2026

Crédito a Centros 2025				D/M	ETSE	Reparto Dept./Máster
44562	CAP II	Xeral (65%)	28965	30%	20276	8.690 €
	CAP II	Materias Exp. (35%)	15597		15597	
22585	CAP VI	Mobiliario e Equipamiento	22585		22585	
43891	CAP VI	Obra RAM	43891		43891	
		Total	111.038 €		102.348 €	
Reparto Capítulo II Xeral Dept./Máster					Horas Equiv.	
Máster en Enxeñaría Ambiental			422 €		718	4,9%
Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos			391 €		665	4,5%
Máster Tecnoloxías Análise de Datos Masivos: Big Data			173 €		295	2,0%
Máster en Computación de Altas Prestacións			59 €		100	0,7%
Máster en Visión por Computador			68 €		116	0,8%
Máster en Intelixencia Artificial			209 €		355	2,4%
Máster en Xestión Sostible da Auga			89 €		152	1,0%
Máster en Internet das Cousas: IoT			173 €		295	2,0%
Subtotal Máster			1.321 €		2401	16,2%
Enxeñaría Química			1.171 €		1994	13,5%
Electrónica e Computación			4.224 €		7189	48,6%
Subtotal Departamentos ETSE			5.395 €			62,1%
Economía Financiera e Contabilidade			194 €		331	2,2%
Edafoloxía e Química Agrícola			27 €		46	0,3%
Física Aplicada			53 €		90	0,6%
Matemática Aplicada			314 €		535	3,6%
Química Inorgánica			52 €		88	0,6%
Química Física			79 €		134	0,9%
Química Orgánica			84 €		143	1,0%
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía			78 €		132	0,9%
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, XeOeP			84 €		143	1,0%
Dereito Público e Teoría do Estado			26 €		44	0,3%
Matemáticas			286 €		488	3,3%
Enxeñaría Agroforestal			50 €		85	0,6%
Estatística, Análise Matemática e Optimización			319 €		543	3,7%
Filosofía e Antropoloxía			65 €		110	0,7%
Departamento de Psicología Clínica y Psicobiología			32 €		55	0,4%
Departamento de Psicología Social, Básica y Metodología			32 €		55	0,4%
Subtotal outros Departamentos			1.711 €		2802	19,7%
Reparto Capítulo II Mat. Experimentais			60%			
Mantemento Aulas/Labs Informática ETSE			2.340 €			25,0%
Mantemento Laboratorios ETSE			5.568 €			59,5%
Prácticas Química Inorgánica (Dept. Quím. Inorgánica)			384 €			4,1%
Prácticas Química Orgánica (Dept. Quím. Orgánica)			384 €			4,1%
Prácticas Química Analítica (Dept. Quím. Analítica)			290 €			3,1%
Prácticas Física (Dept. Física Aplicada)			384 €			4,1%
Reparto Capítulo II Xeral (ETSE)			10%			
Aula Profesional + varios estudantado			2.028 €			

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

REGULAMENTO DE TRABALLO FIN DE MÁSTER

Aprobado en Comisión de TFM e Prácticas Externas 09-01-2025

Aprobado en Comisión Académica Interuniversitaria 10-02-2025

Aprobado en Comisión de Plan de Estudos (UDC) XXX

Aprobado en Consello de Goberno (USC) XXX

Aprobado en Xunta de Escola da EEME (UVIGO) 26-02-2025

1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto deste regulamento é establecer as bases de actuación e os procedementos de traballo relativos á asignación, titorización, presentación, defensa e cualificación do Traballo de Fin de Máster (en diante TFM). Será de aplicación para a titulación:

Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

O contido deste documento complementábase co conxunto de regulamentos e procedementos vixentes na UDC, USC e UVIGO relacionados coa matrícula, **defensa** e depósito dos TFM **para os seus respectivos/as alumnos/as**, así como coas normativas referidas ao recoñecemento de créditos e a mobilidade de estudantes. Así mesmo, o TFM axustarase ao establecido na memoria de verificación da titulación.

2. Natureza e titorización do Traballo Fin de Máster

O Traballo Fin de Máster consistirá nun traballo orixinal realizado individualmente, no que se identifique o proxecto ou o problema para resolver, así como as restricións sociais, xurídicas, de seguridade, ambientais, económicas e tecnolóxicas.

O TFM pode consistir nun traballo de investigación ou de deseño ou de estudos de desenvolvemento científico ou técnico, sempre relacionados coas distintas materias ou ámbito do Máster.

O TFM poderá realizarse ao amparo dun Grupo de Investigación da UDC, UVIGO ou USC, ou ben durante unha estadía nunha Empresa, Organismo Público, Universidade, Centro de Investigación ou Centro Tecnolóxico co que manteña unha relación contractual ou con convenio activo con algunha das tres universidades implicadas no Máster.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

O TFM desenvolverase baixo a supervisión dun ou máis titores académicos que serán Persoal Docente e Investigador (PDI) dos centros de adscrición do Máster e/ou **dun departamento** que imparta docencia na titulación. Cando se realice o TFM nunha empresa ou institución allea ás tres universidades implicadas no Máster, nomearase un/a titor/a externo/a e un/a titor/a académico/a PDI que cumpra os requisitos anteriormente indicados. No caso dos TFM desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes —ERASMUS e outros programas de mobilidade—, exercerá como cotitor/a o/a titor/a do intercambio ou un/a PDI dun dos centros adscritos ao Máster e/ou dunha área que imparta docencia no Máster seleccionado polo/a estudante.

Con carácter excepcional, e sempre que estea debidamente xustificado, a Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster poderá autorizar a titorización ou cotitorización dun TFM por calquera PDI da UDC, USC e UVIGO que non cumpra cos requisitos de vinculación anteriormente indicados.

O/o titor/para programará sesións de traballo co/a estudante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expoñer a cada estudante as características do traballo, de orientalo/a no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e de emitir os informes preceptivos e confidenciais sobre este seguimento e a súa avaliación, antes da defensa do TFM.

O compromiso de titorización comprende soamente o período definido para a realización do TFM no Plan de Estudos (12 semanas). Isto non impide que o/a titor/a e o/a estudante poidan prolongar esta titorización de común acordo.

3. Oferta e asignación de TFM

Para a oferta e asignación de temática de TFM ao estudantado, habilitaranse dous procedementos ou modalidades diferenciadas. O detalle das fases e prazos habilitados para cada modalidade/procedemento publicarase, cada curso académico, na páxina web do Máster (calendario de TFM).

Modalidade a)

O estudantado poderá xestionar e presentar, baixo a supervisión dun determinado titor ou titora, unha proposta de TFM á coordinación local de cada universidade, utilizando o formulario de solicitude de autorización do TFM, dispoñible na páxina web do máster (Anexo I). A proposta só será válida se inclúe a firma do/da titor/a, en sinal de conformidade coa titorización do devandito traballo.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

Unha vez validadas a temática e titorización das propostas, a Comisión de TFM e Prácticas Externas asignará ao estudantado que promove esta proposta.

Modalidade b)

No caso de que quede estudantado matriculado na materia e sen asignación de TFM, e xa finalizado o prazo para a modalidade a), a Comisión de TFM e Prácticas Externas solicitará ao profesorado que presente propostas ou temáticas de TFM orientadas ao devandito estudantado (Anexo II).

Unha vez revisadas as propostas, a Comisión informará o estudantado da listaxe de ofertas de TFM da modalidade b). Durante o período de exposición pública, o estudantado deberá facer selección de 3 das propostas publicadas, indicando orde de prioridade (Anexo III). A Comisión de TFM e Prácticas Externas asignará a cada estudante unha das propostas dispoñibles e titor/a, en base a:

1. Orde de prioridade marcada polo estudantado
2. Nota media no expediente do Máster

No caso de que o título do TFM ou algún/a dos/as titores/as deba ser modificado, será o propio estudante quen envíe a súa solicitude (Anexo IV) á coordinación local, que a trasladará á Comisión de TFM e Prácticas Externas. Esta solicitude deberá estar asinada polo/a solicitante, o/a profesor/a que aceptara previamente a proposta de TFM e, no seu caso, polo/a novo/a titor/a, e incluírá unha xustificación das razóns para o cambio. Unha vez resoltos estes cambios, notificarase ao estudantado e ao/á titor/a para os efectos oportunos.

4. Contido do TFM

O documento ou memoria final onde se plasmará o traballo realizado deberá conter, polo menos, os seguintes apartados:

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Metodoloxía
4. Resultados
5. Conclusións
6. Bibliografía

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

A portada será a mesma para todos os TFM (Anexo V) e estará dispoñible para a súa descarga na web do Máster.

A elaboración e defensa do TFM poderá efectuarse en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma **e, no seu caso, as recollidas na memoria de verificación.**

5. Realización e seguimento do TFM

Cada estudante acordará co seu titor/a de TFM a realización e prazos de entrega do mesmo. O/A titor/a terá as seguintes responsabilidades para a correcta realización e seguimento do TFM:

- Asesorar, guiar e supervisar ao/á estudante durante a elaboración do seu TFM, e velar polo cumprimento dos obxectivos marcados.
- Emitir, dentro do prazo estipulado, informe favorable ou desfavorable para a defensa do TFM que titoriza (Anexo VI), así como o informe de avaliación (Anexo VII).

6. Entrega e defensa do TFM

As datas de entrega e defensa do TFM publicaranse cada curso académico xunto cos horarios e calendarios académicos, que serán aprobadas pola comisión interuniversitaria con anterioridade ao comezo do curso académico. Establecerase un período de, como mínimo, 10 días hábiles entre a data de entrega da documentación e a data de defensa do TFM.

Para a defensa e avaliación do TFM, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades. Cada curso académico ofertaranse tres oportunidades de defensa de TFM (Febreiro, Xullo e Setembro).

Os requisitos indispensables para a defensa do TFM son:

1. Ter superado os 72 ECTS restantes da titulación —materias ordinarias e prácticas externas curriculares—.
2. A entrega do documento/memoria de TFM, no prazo estipulado.
- ~~3. A entrega do informe favorable do/a titor/a do TFM, no prazo estipulado.~~

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

O centro responsable de cada estudante debe verificar que cumpre os requisitos necesarios para a defensa do TFM. Para estes efectos, se na data de defensa aínda non se recibiron as actas de avaliación das materias, a Comisión de TFM e Prácticas Externas solicitará ao profesorado encargado das devanditas materias que informe sobre as cualificacións do estudantado que estea a solicitar a defensa do TFM.

O procedemento completo de solicitude de defensa e entrega/depósito do TFM rexeráse segundo a normativa de cada centro.

7. Avaliación do TFM

O TFM será defendido en acto público **de forma presencial**. Enténdese como actividade presencial aquela que sexa síncrona e esté programada para ter lugar de forma presencial nun centro e, ó mesmo tempo, de forma virtual noutro centro distinto, sexan estes da UDC ou doutra universidade ou organismo con capacidade de intervención académica a nivel de ensino superior.

Excepcionalmente, baixo petición debidamente xustificada por parte do/a estudante, a Comisión de TFM e Prácticas Externas podería autorizar a defensa pública de forma telemática.

A Comisión de TFM e Prácticas Externas encargárase de facer pública a composición dos tribunais e a convocatoria de defensa. **As persoas que conforman os tribunais deberán ser Persoal Docente e Investigador (PDI) dos centros de adscrición do Máster e/ou dun departamento que imparta docencia na titulación:**

- Presidente/a e suplente respectivo
- Secretario/a e suplente respectivo
- Vogal e suplente respectivo

En ningún caso, a(s) persoa(s) que titoriza(n) o TFM poderá(n) formar parte do tribunal de defensa.

Cada estudante disporá dun tempo máximo de exposición de 15 minutos. A continuación, deberá atender as preguntas, comentarios e/ou suxerencias que poidan formular os membros do tribunal de avaliación, durante un tempo máximo de 15 minutos.

Cada estudante será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

- Traballo realizado polo/a estudante, incluíndo a calidade da memoria presentada (50%).
- Informe preceptivo de avaliación dos/as titores/as (20%).
- Presentación e defensa do TFM ante o tribunal de avaliación (30%).

Concluída a exposición e escoitadas as respostas do/a estudante, o tribunal deliberará a porta pechada e determinará a cualificación correspondente ao TFM. A cualificación comunicárase o mesmo día da defensa (Anexo VIII) e redactarase unha acta individual para ese efecto (Anexo IX).

A revisión ou reclamación da cualificación final do TFM levarase a cabo de acordo co establecido no Anexo VIII: Listaxe provisional de cualificacións.

8. TFM con cláusulas de confidencialidade ou baixo protección de dereitos de propiedade industrial e/ou intelectual

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á estudante que o realizou, ~~sen prexuízo de que se poidan compartir eses dereitos se así o acordasen o/a titor/a e as persoas implicadas na elaboración deste~~. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha empresa/entidade ou dun proxecto ou liña de investigación da UDC, UVIGO ou USC, os dereitos de explotación dos resultados obtidos poderán ser obxecto de cesión por acordo expreso entre o/a estudante e o/a titor/a ou o representante legal da entidade ou empresa, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Cando o contido total ou parcial do TFM estea suxeito á protección de dereitos, o/a estudante e o seu titor/a do TFM deberán notificalo por escrito á Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster mediante un informe no que se especifique esta necesidade. Este informe presentarase no momento de facer a entrega da memoria do TFM.

O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade (Anexo X) sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente.

Neste tipo de TFM entregaranse dúas versións da memoria: unha reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de secreto ou confidencialidade, e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade. O exemplar completo deberá indicar dalgún modo que partes son confidenciais para o seu coñecemento polo tribunal de avaliación. A custodia dos TFM suxeitos a cláusulas de confidencialidade rexeráse polos procedementos propios de cada

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

institución.

Realizaranse dúas sesións de presentación do TFM, unha primeira privada na que se presentarán e discutirán os contidos protexidos. Cada estudante terá un tempo máximo de 15 min para facer a súa presentación, e o tribunal disporá de 15 min para facer as preguntas que considere oportunas. Na sesión pública, o/a estudante terá 5 min para facer a presentación dos contidos non protexidos.

9. Disposición adicional **primeira**

Facúltase á Comisión de TFM e Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para resolver cantas cuestións técnicas non previstas xurdan da aplicación deste regulamento.

10. Disposición adicional **segunda**

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado polos órganos correspondentes das tres universidades implicadas no título.